

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE TIC 4ºESO 19-20

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

A continuación aparecen os estándares de aprendizaxe (cos seus correspondentes criterios de avaliación) que o departamento considera imprescindibles para superar a materia de TIC no curso de 4º ESO tendo en conta a excepcionalidade da situación actual.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros.	TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	CD CMCCT.
<ul style="list-style-type: none">B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	<ul style="list-style-type: none">TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	CD CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none">B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	<ul style="list-style-type: none">TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	CD CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none">TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	CD CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none">B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	<ul style="list-style-type: none">TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	CD CMCCT. CAA

<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. 	<p>CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CCEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. 	<p>CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CCEC CSC</p>
	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. 	<p>CD CMCCT. CCL CAA CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. 	<p>CD CMCCT. CAA CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. 	<p>CD CMCCT. CCL CAA</p>
	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. 	<p>CD CMCCT. CCL CSC CSIEE CCEC</p>

<ul style="list-style-type: none"> • B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> • TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. 	<p>CD CMCCT. CCL CSC</p>
---	--	--------------------------------------

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

2.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

O principal procedemento de avaliación que se vai a empregar ao longo de este terceiro trimestre será a **valoración por escrito**. Tamén poderanse empregar se é posible, **probas específicas**.

Dentro do procedemento de valoración por escrito poderanse utilizar distintos instrumentos de avaliación tales como **cuestionarios, formularios e traballos de investigación**.

2.2 CUALIFICACIÓN FINAL

Neste terceiro trimestre se substitúen as probas escritas (exames) pola avaliación semanal das tarefas realizadas polo alumnado.

Pódense dar dúas situacións:

- O alumnado que teña superadas as dúas primeiras avaliacións terá unha nota final que será a media da nota da primeira e a segunda avaliación. Esta nota pode verse incrementada en función das actividades entregadas de repaso e ampliación.
- O alumnado con algunha avaliación suspensa realizará as actividades de reforzo/recuperación que se publican semanalmente na Aula Virtual. A realización satisfactoria das devanditas actividades suporá a recuperación das mesmas.

En calquera caso queda aberta a posibilidade dunha proba escrita no suposto do regreso ás clases presenciais antes do remate do curso.

2.3 PROBA DE SETEMBRO

Sempre que sexa posible realizárase en setembro unha proba escrita presencial para a recuperación da materia para o alumnado que non superase o curso en xuño, ou para o que a teña pendente.

Nesta proba incluírase toda a materia do curso recollida no anterior listado de estándares imprescindibles. O alumnado deberá obter nesa proba unha nota mínima de 5 para superar a materia.

No caso de que por cuestións sanitarias non se poidese celebrar a devandita proba articularíase o medio oportuno para que o alumnado poidese igualmente optar á recuperación da materia (traballos e tarefas recopilatorios de ditos estándares por vía telemática).

2.4 ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE

Para o alumnado coa materia pendente empregáranse os mesmos **procedementos e instrumentos** de avaliación citados anteriormente.

Este alumnado xa entregara ao longo do curso as dúas terceiras partes do traballo que se lle propuxera para a recuperación da materia. A terceira parte restante deberá entregala por vía telemática tras recibir as correspondentes indicacións por parte do profesor.

Para a **cualificación** final deste alumnado calcularase a nota media dos tres traballos realizados ao longo do curso debendo obter un mínimo de 5 para recuperar a materia.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

A **metodoloxía** que se vai a seguir neste terceiro trimestre consistirá en realizar un repaso aos principais estándares de aprendizaxe do curso que se recollen no punto 1 deste documento. Apoiados por unha sesión de videoconferencia semanal con cada un dos grupos e máis polo emprego da aula virtual na que se subirá o material necesario iranse plantexando de xeito semanal actividades de **reforzo/recuperación** e tamén de **ampliación**.

As primeiras serán obrigatorias para o alumnado con avaliacións suspensas mentras que as segundas serán preferentemente destinadas ao alumnado que xa ten os dous trimestres superados.

Estas **actividades** estarán basadas na búsqueda de información pero tamén na observación directa de elementos cercanos ao alumnado intentando evitar as tarefas repetitivas. Tamén se terá en conta que a duración das mesmas non sexa excesiva respetando as súas necesidades de ocio e descanso.

Estas actividades serán:

- De repaso (comúns a todo o grupo de alumnos) durante as primeiras semanas.

A partir de entóns haberá dous tipos de actividades:

- De recuperación (específicas para alumnado con avaliacións suspensas)
- De ampliación (específicas para alumnado coas anteriores avaliacións superadas)

En canto a **materiáis e recursos**, éstos serán facilitados ao alumnado a través da aula virtual do centro. Aportaránse contidos en forma de presentacións, documentos de textos, imaxes, videos e diferentes enlaces a sitios web que permitan ao alumnado acadar da mellor maneira posible os obxectivos do curso. Intentarase potenciar as actividades interactivas e por suposto as actividades en grupo de carácter interdisciplinar.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O procedemento empregado para transmitir a **información** ao **alumnado** será unha combinación da aula virtual do centro e o correo electrónico. Pola súa banda, no que se refire á información as **familias** os elementos empregados serán o correo electrónico e a aplicación de abalar móbil, quedando o teléfono para casos moi particulares.

No que respecta á publicidade desta adaptación da programación será a través da páxina web do centro no apartado correspondente ao departamento de tecnoloxía.

César López Garrido
Xefe de departamento